


**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 12:19:56


**SAIDA 3404/21**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 135/2020**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 9 de decembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 9 de decembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade, de información sobre o número de rastrexadores covid asignados a esa tarefa.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 12 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de xaneiro de 2021

**Terceiro.** Con data do 12 de febreiro de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Consellería informa que con data do 11 de febreiro de 2021, se ditou resolución na que se estima parcialmente a solicitude de acceso á información, e notificouse ao interesado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou da Consellería de Sanidade, información sobre o número de rastrexadores covid asignados a esa tarefa, pedindo os datos aproximados e de ser posible desglosados por tipo de persoal/organismo que desempeña esa tarefa.

A Consellería de Sanidade, aínda que fóra do prazo legalmente establecido, ditou resolución na que concede o acceso, acceso que cualifica de parcial. Tecnicamente, o acceso parcial á información concédese, de acordo co disposto nos artigos 25 da Lei 1/2016 e 16 da Lei 19/2013, naqueles casos nos que a información solicitada esta afectada por algún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, na que se concede a información omitindo a parte afectada pola limitación, agás que de iso resulte información distorsionada ou carente de senso.

No presente caso, a Consellería na súa resolución, fai constar que non existe na Comunidade Autónoma a categoría de persoal rastrexador, senón que o seguimento de contactos por Covid-19 constitúe un proceso complexo e integrado, no que participa persoal adscrito aos servizos de medicina preventiva das sete áreas sanitarias, persoal destinado nos servizos de vixilancia epidemiolóxica das xefaturas territoriais da Consellería, persoal de Atención Primaria, persoal vencellado á Central de seguimento de contactos e persoal da Unidade Militar de Emerxencias. Na súa resolución, de cada un destes tipos de persoal, detalla as funcións que realiza.

A Consellería xustifica que non se pode por estes motivos, dar unha cifra de rastrexadores como categoría profesional, nin co nivel de detalle ou desglose solicitado, aínda que dá unha cifra aproximada do número de profesionais que participan ou son susceptibles de participar nos procesos de control e seguimento, considerando ao persoal que está a traballar no primeiro nivel asistencial de atención primaria, e que varían en cada momento en función das necesidades que require a propia evolución da pandemia, e que cuantifica en preto de 6.000. Se non se inclúen os profesionais de atención primaria o persoal que se dedica en exclusiva ao rastrexo, estaría en torno a 700.

Non se pode considerar por tanto que a información se concedese de forma parcial por estar a mesma afectada por un límite, senón que se concede de forma total e en función dos datos dos que a consellería dispón, que son aproximados, e desglosados entre os que se adican en exclusiva ao rastrexo, e o persoal de atención primaria. A resposta é coherente coa solicitude, que solicita o numero aproximado e así só solicitou o interesado, probablemente porque é consciente de que o seu número é variable, e solicita si é posible, o desglose por categoría.

De acordo co anterior, ao terse concedido a información con posterioridade á presentación da reclamación polo interesado, procede a estimación por motivos formais desta, sen prexuízo de que contra a resolución expresa do 11 de febreiro de 2021, se poidan presentar os recursos ou reclamacións que na mesma se ofrecen.

Debe lembrarse á Consellería de Sanidade que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 9 de decembro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade, de información sobre o número de rastrexadores covid asignados a esa tarefa.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2021.02.24 11:42:05 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**